



Coser e cantar

MARTA ORTIZ (Galicia)

19 marzo, 18:00 h

Café Teatro do Pazo da Cultura

Público: infantil e familiar

Duración: 45 min

Con fio, agulla e dedal enfiame un conto xa! Comezamos a viaxe nun taller de costura, un lugar máxico aos ollos da nena protagonista que escoita contos, coplas, cancións en boca da súa avoa, nai e tía mentres traballan. Contos tan antigos como o oficio da costura. Puntada a puntada percorreremos mundos onde os fios falan, as caixas de costura abren as portas da fantasía e os bastidores de bordar son ventás onde asomarse a historias prohibidas. Neste espectáculo atoparemos narración oral, música, teatro de obxectos e pezas enlazadas polas coplas do Cancioneiro da Agulla. Unha homenaxe ás mulleres de mans sabias que foron as primeiras narradoras e transmisoras de coñecemento.

Interpretación: Marta Ortiz



Filipa cos contos

BANDULLO AZUL (Galicia)

26 marzo, 18:00 h

Café Teatro do Pazo da Cultura

Público: infantil e familiar

Duración: 45 min

Filipa cos contos. Espectáculo unipersoal... ou non. Unha sesión filipante de contos para toda a familia. Historias tradicionais, música e humor repártense entre os dous contadores que se soben a escena: o actor Fran Campos e a súa amiga Filipa.

Historias non só da nosa contorna máis próxima, senón tamén doutras terras. Contos filipantes, contos cantados e acompañados dunha guitarra. Fran Campos e Filipa, os dous, e cada un ao seu xeito farán posible unha sesión para todos os públicos.

Actor: Fran Campos

Creación, dramaturxia e música:

Fran Campos

Dirección: Bandullo Azul

Formato: sesión de contos con música, fíteres, teatro...

Singular. Infantil

VIII Festival
Internacional
do monólogo
teatral

Zapatos

CARAMUXO TEATRO (Galicia)

5 marzo, 18:00 h
Café Teatro do Pazo da Cultura

Duración: 30 minutos
Idade recomendada: de 1 a 4 anos

Que pasa con todos eses zapatos que xa ninguén usa? Todos os dias chegan a un recuncho dun agochado xardín fantásticas historias, as vivencias que traen consigo unha morea de zapatos de todos os tamaños e cores. Unha rapaza é a encargada de coidalos, de darlles a benvinda ao lugar onde vivirán para sempre, un lugar onde compartirán emocións coas belas bailarinas, con Pechecho e os seus irmáns, cos namorados, co Sol e a Nube, e con centos de compañeiros que teñen moito que contarnos. *Zapatos* narra todas as historias, que levan dentro os zapatos que xa non teñen dono.

Interpretación: Laura Sarasola
Dirección e dramaturxia: Juan Rodriguez
Luz e Son :Juan Rodriguez
Escenografía :Caramuxo Teatro
Coreografía: Laura Sarasola



U-la Lúa?

A XANELA DO MAXÍN (Galicia)

12 marzo, 18:00 h
Café Teatro do Pazo da Cultura

Idades: a partir de 4 anos
Duración: 45 min

Unha historia sobre a igualdade onde a violencia non ten cabida e a ilusión fai dos soños unha realidade.

A gatiña Lúa non ten irmáns e a avoa non lle deixa saír fóra, mais ela soña con viaxar, coñecer novos lugares e ter amigas para xogar.

Cando logra saír, atópase cun gato que tamén intenta impedirle que realice os seus soños, pero Lúa di **NON**, porque ninguén ten dereito a destruír os seus soños e ilusións.

Autoría, dirección e interpretación:
Celtia Figueiras
Axudante de dirección: Xosé Breijo
Títeres e escenografía: Luis Vallecillo e
Celtia Figueiras
Vestuario: Celtia Figueiras



Singular. Infantil

3–31 de marzo 2023,
Pazo da Cultura de Narón

Segue a actualidade do Festival:

www.padroadodecultura.es
[facebook/padroadodeculturaconcelloodenaron](https://www.facebook.com/padroadodeculturaconcelloodenaron)
[@culturaranaron](https://www.instagram.com/culturaranaron)

